



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/50	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de novembro de 2018
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 2113/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2113/2017.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con enderezo a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X, para LMT CII804 A.C.S. ALDÁN (SDG: X) autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha rede de media tensión soterrada de 352,00 metros de lonxitude e un centro de seccionamento prefabricado, de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro industrial D.S.M. de data maio de 2016 e vista a autorización de Augas de Galicia de data 01.03.2017, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 05.05.2017, as autorizacións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21.03.2017 e de data 06.07.2017, e a autorización da AXI de data 29.10.2018, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de corenta e seis mil catrocentos trinta e oito euros con sesenta e un céntimos (46.438,61 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 4937/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4937/2018.- Conceder a M.M.M.P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Vilaboa, nº X-Cangas, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obras para, en solo de núcleo rural regulado pola Ordenanza 11, reformar 53,85 m²., en planta baixa; 53,85 m²., no primeiro andar e 16,80 m²., en aproveitamento baixo cuberta dunha vivenda unifamiliar sita no lugar Catrillón, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico de reforma elaborado polo arquitecto J.R.L. de data 05.10.2018 e a autorización do servizo de infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 1 de agosto de 2018. A licenza outórgase condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a sesenta e nove mil cento vinte e tres euros con sesenta e oito céntimos (69.123,68 €).

Expediente 1143/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1143/2017.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X, para no lugar do Hío (Expte. SDG Nº X), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para LMTA LMTS CII 804, entre os postes nº X e nº X e substitución de CT O Hío de AT 2009/190 RBTS RBTA, de conformidade coa documentación presentada e data xuño de 2016 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 27 de xuño de 2016, a rsolución de 07.09.2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria e a autorización de Augas de Galicia de 1 de marzo de 2017, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de vinte e dous mil seiscientos noventa e un euros con noventa e oito céntimos (22.691,98 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen



que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 366/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 366/2018.- Outorgar licenza de obras a M.I.P.F. E R.C.M.S., con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº X-Cangas, para no lugar de Erbello-Aldán (referencia catastral X), construír unha piscina con anexo, aseo e cerramentos, de conformidade co proxecto elaborado polos arquitectos R.A.A., M.F.E. e A.L.N., de data 2 maio de 2018 e ás condicións impostas pola Consellería de Cultura e Turismo de data 24 de outubro de 2018. Deberán formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a trinta mil oitocentos sesenta e cinco euros con corenta e tres céntimos (30.865,43 €).

Expediente 7472/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7472/17.- Outorgar a F.P.R., con enderezo en rúa Xestas, nº X-Choupana-Darbo, licenza de obras para no lugar de Castelo-Darbo (referencia catastral X), regulado pola Ordenanza 12, solo non urbanizable de tolerancia exterior (SNUA), construír unha vivenda unifamiliar de 94,65 m²., de semisoto e outros tantos de planta baixa; 74,02 m²., de primeiro andar; 60,34 m²., de terrazas e 53,00 m²., de muro de contención, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.L.D.G., de data novembro de 2018 e condicións impostas por Patrimonio de data 4 de xuño de 2018 e Deputación Provincial de Vías e Obras de data 30 de outubro de 2018. Deberá, así mesmo, cumprir co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a cento oitenta e cinco mil douscentos oitenta euros con nove céntimos (185.280,09 €).

Acéptase a fianza para garantir as obras de urbanización depositado en Abanca por importe de



Concello de Cangas

oitocentos cincuenta e tres euros con catorce céntimos (853,14 €), depositada o 6 de novembro de 2018.

Expediente 2269/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2269/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R.V.H., para cambio de cuberta de garaxe sito no lugar de Baixada á Praia de Menguíña, nº X-Aldán (referencia catastral X), nunha superficie de 39,00 m²., de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico M.S.S. de data 20 de febreiro de 2017 e condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente de data 11 de outubro de 2018 e do POL de data 5 de novembro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a mil novecentos oitenta e tres euros con quince céntimos (1.983,15 €).

Expediente 4395/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4395/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.M.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Hospital, nº X-Cangas, para substitución de cuberta de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de acordo coa documentación técnica redactada polo arquitecto técnico A.M.A.R., de data 20 de agosto de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a dous mil cincocentos corenta e oito euros con corenta e nove céntimos (2.548,49 €).

Expediente 5076/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5076/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.M.J., para reparación da cimentación do cerramento sito no lugar da Rosada, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R.S.C., de data 29 de setembro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos trinta e oito euros con corenta céntimos (938,40 €).

Expediente 5364/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 5364/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por TAPERÍA "O PELAO", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Rúa Sol, nº X-Cangas, para acondicionamento e mantemento de local sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data outubro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a mil euros (1.000,00 €).

Expediente 4041/2018. Proposta de aceptación de cesión de terreos procedentes dunha parcelación urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4041/2018 (Expte. nº X.- Licenza nº X).- En Xunta de Goberno local de data 23 de abril de 2008, outorgouse licenza de parcelación urbanística nº X a E.T.M. no lugar de Piñeiro-Darbo.

Dita licenza de parcelación estaba condicionada á cesión ao vieiro de catro parcelas: a nº X de 38,27m2.; a nº X de 6,40 m2.; a nº X de 50,76 m2.; e a parcela nº X de 18,10 m2.; procedentes de tres parcelas iniciais de 1.525,00 m2., 941,00 m2., e 332,00 m2., de conformidade co proxecto presentado en data 23 de maio e 31 de outubro de 2007, redactado polos apareladores F.M.L. e S.G.F.

En data 3 de agosto de 2018, E.T.M., titular do DNI nº X, con domicilio a efectos de notificación en Piñeiro, nº X-Darbo, presenta escritura pública de cesión, realizada perante a notaría M.J.L.E., das parcelas referenciadas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.04.2008, para a súa aceptación.

Visto o solicitado, proponse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión das parcelas nº X de 38,27 m2.; a nº X de 6,40 m2.; a nº X-a de 38,14 m2.; a nº X-b de 12,62 m2.; e a parcela nº X de 18,10 m2.; resultantes da parcelación autorizada o 23 de abril de 2008 e materializada en escritura pública de data 31 de maio de 2018, perante a notaría M.J.L.E..

Expediente 1060/2018. Proposta da instrutora para arquivo do expediente nº 1060/2018 de reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 12.11.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 1060/2018, que é como segue:

"Con relación ao expediente sancionador por infracción urbanística nº X, tramitado a instancia de M.V.M., con NIF nº X, e visto o xustificante de pagamento de data 21 de outubro do 2018, procede finalizar o procedemento, de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Consta no expediente que, con data 31.10.2018, a infractora solicita a redución do 50% da sanción para proceder ao seu pagamento no período voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de setembro do 2018 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a M.V.M., por ter realizado no lugar de Santa Marta, as obras de instalación dunha caseta prefabricada de plástico de aproximadamente 6,00 m²., visto o xustificante de pagamento de data 21 de outubro do 2018 da sanción imposta obrante no expediente.

Expediente 2240/2018. Proposta da Alcaldía para inicio de procedemento de contratación da obra “Urbanización e accesibilidade da rúa Fonte Ferreira” POS da Deputación Provincial (Plan Concellos 2018-2019)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidad e/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 14.11.2018, referente a aprobación de inicio de expediente de contratación para a realización da obra “Urbanización e accesibilidade da rúa Fonte Ferreira” (expediente nº X), que é como segue:

"Visto o proxecto redactado pola arquitecta municipal M.I.M.F., aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 27.03.2018 para a execución da obra 'Urbanización e accesibilidade da rúa Fonte Ferreira', cuxo orzamento ascende á cantidade de oitenta e un mil cincocentos trinta e catro euros con sesenta céntimos (81.534,60 €).

Visto que para a execución do citado proxecto a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante acordo adoptado en sesión de data 31.08.2018, concedeu ao Concello de Cangas unha subvención con cargo ao 'Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2018-2019', por importe de oitenta e un mil cincocentos trinta e catro euros con sesenta céntimos (81.534,60 €), distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	Fondos propios do Concello / Achegas doutras AAPP
2018	81.534,60 €	81.534,60 €	0,00 €
2019	0,00	0,00€	0,00 €
Total	81.534,60 €	81.534,60 €	0,00 €

Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.



Concello de Cangas

Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a execución da obra "Urbanización e accesibilidade da rúa Fonte Ferreira", incluída no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan concellos 2018-2019).

SEGUNDO.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a licitación e o contrato e que por secretaría e intervención se emitan os informes preceptivos".

Expediente 7559/2017. Proposta da Alcaldía de recoñecemento de custas procesais ditadas no Decreto nº 87/2018 do procedemento peza de taxacións de custas nº 49/2017, execución definitiva 49/2017 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, queda informada da proposta da Alcaldía de data 14.11.2018, referente a recoñecemento de obriga en concepto de custas procesais dispostas no Decreto 87/2018, do procedemento de taxacións de custas nº 49/2017 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, que é como segue:

"Visto o Decreto 87/2018 de data 15 de outubro de 2018 de peza de taxación de custas nº 49/2017, emitida polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, promovido por J.M.I., no que se aproba a taxación de custas por importe de catrocentos trinta e sete euros con setenta e oito céntimos (437,78 €), a cuxo pagamento resultou condenado este Concello.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga por catrocentos trinta e sete euros con setenta e oito céntimos (437,78 €), en concepto de custas procesuais, con base no disposto no Decreto 87/2018, de data 15 de outubro de 2018, do procedemento de peza de taxacións de custas nº 49/2017, execución definitiva nº 49/2017, tramitado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, instruído a instancia de J.M.I..

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de urbanismo, intervención e tesourería".

Expediente 1182/2017. X-17/04. Proposta da Alcaldía de dación de conta de Sentenza nº 295/2018 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no PO nº 15096/2017 tramitado a instancia de FCC AQUALIA SA e CIVIS CLOBAL SL (UTE)

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas



Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local queda informada de proposta da Alcaldía de data 12.11.2018, referente á Sentenza nº X do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no PO nº 15096/2017, que é como segue:

"Vista a Sentenza nº X ditada o día 17.10.2018 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no PO nº 15096/2017, tramitada a instancia de 'FCC AQUALIA SA' e 'CIVIS CLOBAL SL (UTE)', contra o Concello de Cangas sobre administración tributaria e financeira.

Visto o fallo da sentenza cuxo tenor literal é o seguinte:

'Por todo o exposto, en nome do Rei, pola autoridade que lle confire a Constitución, esta Sala decidiu:

1.- Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade mercantil 'FCC AQUALIA SA' e 'CIVIS GLOBAL SL (UTE)', contra o acordo do Concello de Cangas de data 2 de decembro de 2016, sobre aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da augua (BOP de 27 de decembro de 2016), declarando a nulidade da ordenanza de referencia.

2.- Impoñer as custas procesais á parte demandada na contía máxima de mil cincocentos euros (1500,00 €)".

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte:

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº X ditada o día 17.10.2018 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no PO nº 15096/2017, tramitado a instancia de 'FCC AQUALIA SA' e 'CIVIS CLOBAL SL (UTE)', contra o Concello de Cangas.

Segundo.- Proceder á formalización de recurso de casación contra a referida sentenza, de acordo co previsto nesta.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico.

Expediente 7421/2017. Proposta da Alcaldía de dación de conta da Sentenza nº 179/2018 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no PA nº 328/2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 13.11.2018, referente a Sentenza nº X ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no PA nº 328/2017 (expediente nº X), que é como segue:

"Vista a Sentenza nº X ditada o día 22.10.2018 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo



nº 1 de Pontevedra no PA nº 328/2017, tramitado a instancia de I.C.V. contra o Concello de Cangas, en reclamación de responsabilidade patrimonial pola caída de ramas dunha árbore sobre vehículo estacionado, en contía de mil vinte euros con dez céntimos (1.020,10 €).

Vista a parte dispositiva da citada sentenza cuxo tenor literal é o seguinte:

1º.- ESTIMAR o recurso contencioso-administrativo interposto por I.C.V. contra a desestimación presunta da reclamación indemnizatoria que presentó en xaneiro de 2017 no Concello de Cangas do Morrazo polos danos producidos o 21 de novembro de 2016 no vehículo Citroën C4, matrícula X, estacionado fronte ao parque infantil de Outeiro-Balea, pola caída das ramas de unha árbore (expte. X).

2º.- Condenar ao Concello de Cangas a aboar á actora a cantidade de mil vinte euros con dez céntimos (1.020,10 €), incrementada co índice de garantía da competitividade desde a data de presentación da reclamación en vía administrativa (31.01.2017).

3º.- Condenar ao Concello de Cangas ao pagamento das custas do litixio, co límite máximo por honorarios de letrado sinalado no último fundamento.'

Tendo en conta que este Concello ten subscrita unha póliza de seguro coa entidade 'MAPFRE', para a cobertura deste tipo de continxencias, na cal se contempla unha franquía de trescentos euros (300,00 €) por sinistro.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza firme nº X ditada o día 22.10.2018 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no PA nº 328/2017, tramitado a instancia de I.C.V. contra o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de trescentos euros (300,00 €), a favor de I.C.V., con DNI nº X, con cargo á aplicación 920.226.99 do vixente orzamento municipal e requirir á compañía 'MAPFRE', para que aboe á demandante a diferenza resultante.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico".

Expediente 2490/2018. Rectificación de acordo de Xunta de Goberno Local de data 4 de xuño de 2018

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a rectificación do acordo adoptado en Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de xuño de 2018, referente a proposta da concelleira de obras e servizos para aprobación do proxecto para presentación na Deputación Provincial polas remanentes do Plan concellos 2017, por terse producido un erro na denominación do proxecto.



Concello de Cangas

Indícase que no referido acordo, no segundo punto do acordo, onde di:

"... 2.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a aplicación da baixa do Plan concellos 2017-liña 1-investmentos, para a execución da obra denominada 'Nova capa de rodadura en vieiros de Darbo, Aldán e O Hío', polo importe de cento seis mil cincocentos sesenta e nove euros con corenta e catro céntimos (106.569,44 €)...".

debe dicir:

"... 2.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a aplicación da baixa do Plan concellos 2017-liña 1-investmentos, para a execución da obra denominada 'Documento técnico pavimentación rúa Atenas 2014 e camiño Verín-Coiro-Cangas', polo importe de cento seis mil cincocentos sesenta e nove euros con corenta e catro céntimos (106.569,44 €)...".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850